



ACORDO DE INTERINOS.- MODIFICACIÓN

O parágrafo 2 do punto segundo do Acordo queda redactado do seguinte xeito:

2. Persoal participante nos procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que non estea incluído nas listas de persoal aspirante que superou o procedemento selectivo, sempre que posúan a titulación que, para cada especialidade, determine a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e os demais requisitos esixidos para ingreso, en cada momento, no correspondente corpo.

Estarán exceptuados do requisito de titulación previsto no parágrafo anterior os que superen a primeira proba da fase de oposición.

Este colectivo ordenarase, para os efectos de prioridade na elección:

- por especialidades
- dentro de cada especialidade por bloques, de acordo co número de probas superadas
- dentro de cada bloque e no conxunto da lista garantirase, cando sexa posible, que, polo menos, de cada catorce aspirantes un deles posúa unha discapacidade recoñecida de, polo menos, o 33%. Para cumprir esta condición, se fose necesario, poderán incorporarse nun bloque persoas ás que non lle correspondese estar no mesmo en virtude do número de probas superadas.



- En execución do parágrafo anterior garantirase que:
 - o Cada 14 aspirantes, un deles posúa unha discapacidade recoñecida de, polo menos, o 33%
 - o Cada 28 aspirantes, dous deles posúan unha discapacidade recoñecida de, polo menos, o 33%
 - o Cada 42 aspirantes, tres deles posúan unha discapacidade recoñecida de, polo menos, o 33%
 - o E así sucesivamente.
- O establecido no parágrafo anterior resultaralle de aplicación ao persoal que se presente aos procedementos selectivos tanto pola quenda de reserva de discapacitados como pola quenda libre, sempre que reúna os requisitos de discapacidade no momento no que remate o prazo de presentación de solicitudes ao concurso-oposición.
- Sen prexuízo do anterior, dentro destes bloques, pola puntuación resultante da fase de oposición.
- Para aquelas persoas que non superen unha proba, a nota da mesma será a media aritmética das dúas partes das que consta a proba, sen ter en conta se alcanzou o mínimo necesario nunha parte da proba para poder superala.
- Non se integrarán na lista para realizar interinidades ou substitucións aquelas persoas que non acudiron ao acto de presentación e aquelas que non se presentaron ou se retiraran na primeira ou na segunda proba, agás nos supostos previstos na base décimo segunda.3.



O parágrafo 3 do punto segundo do Acordo queda redactado como segue:

Convocado o concurso-oposición na especialidade de "primaria" no ano 2008, mantense a dobre lista de especialidade e xeral para aquelas persoas que accederon a unha interinidade ou substitución con carácter previo á resolución do dito concurso- oposición.

O punto décimo segundo do Acordo queda redactado do seguinte xeito:

1. O profesorado interino e substituto terá a obriga de presentarse aos procedementos selectivos de ingreso aos corpos correspondentes convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sempre que se convoque a súa especialidade.
2. Decaerá dos seus dereitos e será excluído das listas o profesorado interino ou substituto que non se presente aos procedementos selectivos, ou se retire dos mesmos, agás causa xustificada, libremente apreciada pola comisión de seguimento deste acordo.
3. Non decaerán do seu dereito aquelas persoas que figurando nas listas de chamamentos iniciasen a súa primeira interinidade ou substitución con posterioridade ao remate do prazo de solicitudes para participar no concurso-oposición.



4. En todo caso, enténdese por causa xustificada a acreditación de enfermidade no día da presentación ou da realización do exame.
5. Cumprirán o requisito de participar nos procedementos selectivos a que fai referencia o parágrafo 1 deste punto aquelas persoas que se presenten:
 - a unha especialidade distinta da que están impartindo
 - a unha especialidade dun corpo distinto do que están impartindo docencia
 - en calquera convocatoria de concurso-oposición de acceso á función pública docente realizada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deportes ou unha administración educativa doutra Comunidade Autónoma. En este caso deberán aportar certificación de que se presentaron e non se retiraron do correspondente procedemento

O punto décimo terceiro do Acordo queda redactado do seguinte xeito:

Cando as prazas ofertadas sexan de itinerancia ou de tempo parcial ou para desempeñar nos cárceres, ou outras de réxime especial que determine a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, oída a comisión de seguimento deste acordo, o aspirante poderá non efectuar solicitude destas prazas, sen que iso implique a renuncia ás listas e aos próximos chamamentos que lle correspondan. Ademais, poderán rexeitar estas prazas nos chamamentos que se produzan.



O punto décimo cuarto do Acordo queda redactado do seguinte xeito:

1. O persoal docente interino e substituto terá dereito a non aceptar as interinidades ou substitucións que se lle ofrezan, sen perder o número de orde da lista correspondente, por un período mínimo dun curso académico ou polo que reste de curso académico, desde a súa solicitude, polas seguintes causas:
 - Para atender ao coidado dun fillo menor de seis anos, tanto cando o sexa por natureza ou por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo.
 - Para atender ao coidado dun familiar que se teña ao seu cargo, ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.
 - Excepcionalmente, para atender o coidado dun familiar que se teña ao seu cargo, en segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída, cando non existan superviventes de primeiro grao ou estean incapacitados para atender o seu coidado ou se trate de persoas conviventes.
 - Por enfermidade grave do propio docente
 - Por ser vítima de violencia de xénero



- Por ampliación de estudos. Enténdese que hai ampliación de estudos cando se realizan estudos para obter un título superior ao que se posúe. Deberá efectuarse a matrícula de, polo menos, 30 créditos e acreditar a realización das correspondentes probas ao final do curso académico.
 - Por calquera das circunstancias que permiten aos funcionarios públicos a concesión dos servizos especiais.
 - Esta decisión deberá adoptarse ou comunicarse no prazo de solicitude de praza ou, en todo caso, no prazo de reclamacións á adxudicación provisional de destinos para o curso académico que proceda, agás que teña a súa orixe nunha causa sobrevida con posterioridade ou chamamento por primeira vez.
2. O persoal docente interino e substituto poderá solicitar non ser chamado para as prazas que puidesen corresponderlle por un período máximo e improrrogable de tres cursos académicos, que non terán que ser necesariamente consecutivos, sempre que alegue e xustifique que ten un contrato de traballo de carácter temporal ou prestar servizos, tamén con carácter temporal, noutro posto do sector público.

Non será posible efectuar esta opción unha vez producido o nomeamento de interino ou substituto, agás causa sobrevida ao nomeamento.

3. O profesorado a que se fai referencia neste punto décimo cuarto poderá optar, durante os períodos máximo e mínimo previstos nel, por realizar substitucións en concellos determinados. A opción deberá efectuarse no prazo comprendido entre os días 15 de xullo ao 15 de agosto do ano correspondente. Será obrigatorio incluír na petición concellos nos que se impartan materias ou áreas ou módulos



profesionais atribuídos á especialidade correspondente. Esta opción será por todo o curso académico.

4. Excepcionalmente, as persoas que se acolleron a realizar substitucións en concellos determinados poderán optar por non prestar servizos durante todo o curso académico sempre que sexa con anterioridade á toma de posesión do seu primeiro nomeamento nese curso.

O punto décimo noveno do Acordo queda redactado do seguinte xeito:

Decaerán no seu dereito a estar nas listas e aos chamamentos os candidatos e candidatas:

- a. Que non acepten unha praza de interinidade ou substitución que se lles oferte, agás que exista unha das causas xustificadas que se citan no punto décimo cuarto deste acordo.
- b. Que non tomen posesión da praza adxudicada no día lectivo inmediatamente seguinte ao do nomeamento, agás causa xustificada libremente apreciada pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, informándose á comisión de seguimento.
- c. Por falta de capacidade para o desempeño do posto, manifestada por rendemento insuficiente, que non comporte inhibición e que impida realizar con eficacia as



funcións atribuídas, logo de expediente contradictorio e oída a comisión de seguimento prevista no punto vixésimo.

- d. Por non concorrer aos procedementos selectivos, agás causa xustificada.

Engádesse un punto vixésimo primeiro coa seguinte redacción:

Vixésimo primeiro. Chamamentos

Realizada a adxudicación definitiva de destinos provisionais, os chamamentos para realizar substitucións e, se fose o caso, interinidades efectuarase telefonicamente.

Se a persoa interesada non colle a primeira chamada telefónica continuarase coa cobertura das prazas.

Se a persoa interesada non colle a primeira chamada telefónica enviaraselle un correo electrónico informándolle desta circunstancia e volverá a ser chamado ao día seguinte, ofertándolle unicamente as prazas existentes o día inmediatamente anterior.

As persoas que non atendan aos dous chamamentos telefónicos no mesmo día serán penalizadas sen ser chamadas durante 7 días naturais a contar desde o inmediatamente seguinte ao do chamamento.

Aquelas persoas que sexan penalizadas tres veces por non atender os chamamentos telefónicos serán excluídas definitivamente das listas, previo o correspondente trámite de audiencia.



Engádesse unha disposición adicional cuarta coa seguinte redacción:

Disposición adicional cuarta.- *Decaemento das listas*

As persoas que por unha das causas previstas neste acordo perdan o dereito a manterse nunha lista decaerán dos seus dereitos na mesma, mantendo os dereitos de prioridade que lles correspondan nas restantes listas das que formen parte